

Recibido 5 Octubre 2000 CRIS



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
REXISTRO XERAL
02.00T00 04559
SAIDA

RESOLUCIÓN DE ADAPTACIÓN DO PLANO DE ESTUDIOS DE HISTORIA, HISTORIA DA ARTE E XEOGRAFÍA

O Consello de Universidade por acordo da Comisión Académica do 3 de abril de 2000 homologou o plano de estudio de Historia, Historia da Arte e Xeografía da Facultade de Xeografía e Historia, que se implantarán no curso 2000/2001. Os planos de estudos establecen que a Universidade, trala consulta ó centro, dictará as resolucións necesarias para o seu desenvolvemento e de xeito especial no que se refire ás adaptacións non previstas

As Normas de Xestión Académica indican que as interpretacións que sexan necesarias para o correcto cumprimento dos planos de estudio desta universidade son competencia exclusiva do rector, que dictará as resolucións que considere oportunas trala audiencia do centro e á vista dos informes que poida solicitar. Polo tanto, para unha correcta interpretación destes plano de estudos e da súa xestión e logo do informe do centro

RESOLVO

- Optativas a calquera ciclo { **Primeiro.-** Os alumnos que realicen a adaptación nos tres planos de estudio de Historia, Historia da Arte e Xeografía que se implantan no curso 2000/2001, poderán imputalos créditos optativos cursados no plano de 1994 a calquera dos ciclos do plano que adapte, con independencia de que no plano de estudos de procedencia estes créditos estivesen vinculados ó primeiro ou ó segundo ciclo.
- Historia Arte
Mantención de ciclo completo { **Segundo.-** Os estudantes que adapten o primeiro ciclo completo do plano 93 de Historia da Arte polo primeiro ciclo do plano 2000 non terán que cursar as materias de segundo ciclo (446312316) *Introducción á Linguaxe Musical* e (446312315) *Introducción á Linguaxe Cinematográfica* por telas cursadas no primeiro ciclo do plano 94. En todo caso, **deberán cursar 12 créditos optativos máis** dos establecidos no plano de estudos no segundo ciclo do plano 2000 ou ben cursar dúas das tres materias seguintes: (446312111) *Arte Española I*; (446312211) *Arte Española II*, ou (446312212) *Arte Española III*.
- OPTATIVAS { **Terceiro.-** Con carácter xeral as materias optativas dos planos de estudio de 1993 de Xeografía, Historia da Arte e Historia que cambian de denominación ou de número de créditos poderán tela consideración de materias optativas no plano adaptado,, coa mesma denominación e número de créditos, e poderán computarse como optativas, dentro ou fora dos itinerarios curriculares, ou como créditos de libre elección.
- CRÍTICA LITERARIA { **Cuarto.** A materia obrigatoria *Crítica Literaria* do plano 93 adaptarase pola materia optativa do primeiro ciclo *Literatura e Arte* do plano 2000.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


TEORÍA DA ARTE

Quinto.- As troncais do primeiro ciclo do plano de Historia da Arte do 93: *Teoría da Arte I* (6 créditos) ou *Teoría da Arte II* (6 créditos) adáptanse pola materia troncal única do plano 2000 *Teoría da Arte* de 12 créditos.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2000

O VICERRECTOR DE INVESTIGACIÓN

(P.d. do Sr. Rector do 28.09.00)



José Ramón Leis Fidalgo

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións, Sr. Secretario Xeral, Sr. Decano da Facultade de Xeografía e Historia, Sr. Xefe da Asesoría Xurídica, Sra. Xefa do Servicio de Alumnado, Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica, Sr. Director do SEIN, Sr. Director do COIE